


Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Dereito

6ª edición



Identificación do centro

Centro	Facultade de Dereito
Responsable	Decano/a
Enderezo	Avda. Dr. Ángel Echeverri, s/n. (Campus Vida) 15782 Santiago de Compostela
Correo electrónico	zderdeca@ucs.es
Teléfono	881814658

Historial de revisións

Número	Data	Principais modificacións
01	22/05/2013	Edición inicial
02	05/12/2013	Adaptación á Facultade de Dereito
03	23/03/2015	Modificación do apartado 5. Indicadores para adaptalos ao novo Manual Simplificado do SGUC da Universidade de Santiago de Compostela
04	29/03/2016	Adaptación aos Estatutos da USC e Regulamento de Réxime interno do Centro
05	19/12/2019	Actualización do Manual do SGC da Facultade de Dereito e simplificación documental: supresión de procesos e procedementos obsoletos, particularización de procesos ás características do Centro
06	06/10/2021	Actualización para integrar o axuste relativo aos procesos institucionais

Control da elaboración e aprobación

Fase	Unidade/Órgano	Data
Elaborado por	Comisión de Docencia e Calidade da Facultade de Dereito	01/10/2021
Aprobado por	Xunta da Facultade de Dereito/Comisión Permanente	04/10/2021
Aprobado por	Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno	06/10/2021

Contido

1	A Facultade de Dereito	3
1.1	Presentación	3
1.2	Organigrama	3
1.3	Órganos de goberno. Comisións. Departamentos implicados na docencia.....	4
1.4	Regulamentos e normas	8
2	Alcance do Sistema de Garantía de Calidade.....	8
3	Estrutura para o desenvolvemento do Sistema de Garantía de Calidade	9
3.1	Equipo de dirección (ED).....	9
3.2	Comisión de Calidade e docencia do Centro(CCC)	10
3.3	Responsable de calidade do centro (RCC).....	10
3.4	Comisión/s de título/s	11
3.4.1	Comisión Académica do Máster Universitario en Avogacía.....	11
3.4.2	Comisión Académica do Máster Universitario en Estudos Internacionais.....	12
3.4.3	Comisión Académica do Máster en Fiscalidade Internacional e Comunitaria	12
3.5	Coordinador/a de título (CT)	13
3.6	Comité consultivo do grao en Dereito	13
3.7	Coordinador/a de Calidade	13
4	Mapa de procesos	14
5	Indicadores e informes	17
6	Relación entre os procesos do sistema e as directrices Fides-Audit	18
	Anexo I. Política de calidade	19

1 A Facultade de Dereito

1.1 Presentación

Na Universidade de Santiago de Compostela, a Facultade de Dereito retrotrae as súas orixes ao ano 1649 e dende entón vense ocupando da formación xurídica universitaria en Galicia de xeito exclusivo ata os anos noventa do século pasado, cando se implantaron as demais Facultades de corte xurídico no Sistema Universitario de Galicia. De longa tradición o froito é un longuísimos número de personaxes de relevancia histórica, política, social, cultural e científica que recibiron a súa formación nas aulas da Facultade e que avalan a calidade do ensino impartido na mesma.

O título de graduado en Dereito comezo a impartirse no curso académico 2010/2011, constituíndo a necesaria adaptación ao Espazo Europeo da Educación Superior. Ademais deste Grao, impártense na Facultade: o dobre itinerario en Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos, o Grao en Criminoloxía, así coma os títulos oficiais de Máster Universitario en Avogacía (no Campus de Santiago e no de Lugo), o Máster Universitario en Estudos Internacionais e o Máster Universitario en Fiscalidade Internacional e Comunitaria.

1.2 Organigrama

O equipo de dirección da Facultade de Dereito está formado polos seguintes cargos académicos:

- Decano/a
- A Vicedecano/a de Organización Académica
- A Vicedecano/a de Asuntos Económicos e Infraestruturas
- A Secretario/a, tamén Responsable de Calidade

O/A decano/a é o órgano unipersonal de dirección executiva e de xestión do Centro, representa á Facultade, preside os seus órganos colexiados e executa os seus acordos.

Os/As vicedecanos/as é nomeado polo/a reitor/a a proposta do/a decano/a entre os membros da Comunidade Universitaria da Facultade con vinculación a tempo completo. As súas funcións específicas son definidas polo/a decano/a. En ausencia do/a decano/a, realizará as súas funcións o/a vicedecano/a.

O/A secretario/a da Facultade é a persoa fidedigna do Centro. Pode ser profesor/a a tempo completo ou funcionario/a dos subgrupos A1 e A2, e é nomeado/a polo reitor/a a proposta do decano/a. Ten as competencias que se lle atribúen nos Estatutos da Universidade. Levantará acta de todas as sesións da Xunta de Facultade que incluíra os asistentes, acordos literais e mencións expresas. É responsable de Calidade

Corresponderalle ao Equipo Decanal a xestión diaria da Facultade, respondendo da mesma no Pleno da Xunta.

1.3 Órganos de goberno. Comisións. Departamentos implicados na docencia.

Os órganos de Goberno da Facultade de Dereito son:

- a) Colexiados: a Xunta de Facultade.
- b) Unipersoais: O/a decano/a; vicedecanos/as e Secretario/a.

Xunta de Facultade

De acordo co artigo 94 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, aprobados polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, a Xunta de Facultade é o órgano colexiado de goberno do centro, aproba as liñas xerais de actuación no ámbito da facultade e supervisa o labor dos seus órganos de dirección e xestión.

Segundo o artigo 95 dos Estatutos, a Xunta de Facultade estará composta por:

- O/a Decano/a, quen presidirá.
- Os/as Vicedecanos/as.
- O/a secretario/a, que tamén o será da Xunta.
- A persoa responsable da Unidade de Apoio á Xestión dos Centros e Departamentos da Facultade
- Persoal docente e investigador en formación e perfeccionamento con docencia no centro e censados nel, ou non censado, que teña neste, un encargo docente igual ou superior ao 35% da capacidade docente dun profesor a tempo completo. Están incluídos neste grupo:
 - o Todo o profesorado con vinculación permanente á USC, que representará o 51% da composición da Xunta.
 - o O resto, sempre que non exceda o 10% do total da Xunta. O persoal docente e investigador a tempo parcial non poderá representar máis do 5%.
- Unha representación do alumnado do 32% do total da Xunta, do cal o 28% será de titulacións de Grao adscritas á Facultade e o 4% das titulacións de Máster interuniversitario e doutoramento.
- Unha representación do persoal de administración e servizos censados no centro, nunha proporción do 7% do total da Xunta, cun mínimo de dous membros.

Ademais, de acordo co artigo 98 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, son competencias da Xunta de Facultade:

- A elección do decano, de ser o caso, a súa remoción mediante unha moción de censura construtiva que, en todo caso, deberá ser aprobada pola maioría absoluta dos membros da Xunta de Facultade.
- A elaboración e a aprobación do seu Regulamento de réxime interno.
- A supervisión da xestión dos restantes órganos de goberno e de administración do centro.
- A elaboración e a aprobación dos proxectos de plans de estudos das titulacións adscritas ao centro, consonte a lexislación vixente e ás normas xerais emanadas do Claustro Universitario.

- A aprobación das liñas xerais da política académica do centro e, entre elas, a proposta e implantación de novas titulacións oficiais, de creación de escolas de especialización profesional dependentes do centro e de organización das ensinanzas conducentes á obtención doutros diplomas e títulos.
- A organización dos servizos docentes para a obtención dos títulos académicos do seu ámbito, así como a coordinación e a supervisión da actividade docente do profesorado con docencia no centro, e igualmente a supervisión do seu cumprimento.
- A programación dos espazos, servizos e equipamentos do centro e a supervisión da súa aplicación.
- O informe verbo das propostas de creación, modificación ou supresión de departamentos relacionados co centro pola súa docencia e investigación.
- A organización de actividades de formación permanente e de extensión.
- A manifestación da súa opinión verbo de calquera asunto relacionado co centro ou coas súas actividades.
- Calquera outra competencia que lle atribúan estes Estatutos ou lle encomende un órgano competente ou a lexislación vixente.

Comisión Permanente da Xunta de Facultade

Deberá constituírse unha Comisión Permanente da Xunta de Facultade, que atenderá a tramitación dos asuntos ordinarios e de todos aqueles outros que a Xunta de Facultade delegue expresamente ademais dos que lle son asignados nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela ao pleno desta Xunta.

A Comisión Permanente da Xunta de Facultade terá a seguinte composición:

- O/a Decano/a que a preside e convoca.
- Os/as Vicedecanos/as.
- O/a Secretario/a da Facultade, que o será tamén da Comisión Permanente.
- Unha representación proporcional dos distintos sectores que integran a Xunta de Facultade, en número de vinte e un distribuídos do seguinte xeito:
 - o 9 PDI con dedicación permanente
 - o 2 representante do resto de PDI
 - o 6 estudantes de Grao
 - o 2 estudante de Máster ou doutoramento
 - o 2 membros do PAS

Comisiones estables:

1.-Comisión de Docencia e Calidade

Segundo o artigo 34 do Regulamento de Réxime Interno está composta por:

- O/a decano/a ou decana, que a presidirá.
- O/a vicedecano/a competente en materia de Asuntos Académicos e Calidade.
- O/a secretario/a da Facultade, que o será tamén da Comisión.
- Os coordinadores e/ou coordinadoras de todas as titulacións universitarias oficiais adscritas á Facultade.

- A persoa responsable da Unidade de Apoio a Xestión de Centros e Departamentos da Facultade, que asumirá a representación do persoal de administración e servizos.
- Unha representación proporcional dos demais sectores que integran a Xunta de Facultade en número de doce, distribuídos do seguinte xeito:
 - o Catro membros do profesorado con vinculación permanente á Universidade.
 - o Dous membros do resto do persoal docente e investigador e do persoal investigador en formación.
 - o Cinco estudantes de grao.
 - o Un estudante de máster ou doutoramento.

2.-Comisión Académica

As Comisións Académicas das titulacións adscritas á Facultade poderán contar, nos termos previstos pola normativa da Universidade de Santiago de Compostela, con comisións académicas coa composición que a devandita normativa determine. Na Facultade de Dereito, contan con Comisión académica o Máster e Avogacía e o Máster en Estudos internacionais.

3.-Comisión de Asuntos Económicos, Infraestruturas e Biblioteca

A Comisión de Asuntos Económicos, Infraestruturas e Biblioteca da Facultade de Dereito está composta por:

- O/a Decano/a, que a presidirá.
- O/a Vicedecano/a competente en materia de Asuntos Económicos e Infraestruturas.
- O/a Secretario/a da Facultade, que o será tamén da Comisión.
- O/a director/a da Biblioteca Intercentros "Concepción Arenal".
- Un membro do profesorado con vinculación permanente á Universidade designado polo Instituto de Dereito Industrial da Universidade de Santiago de Compostela en representación do mesmo.
- A persoa responsable de Asuntos Económicos da Facultade, que asumirá a representación do persoal de administración e servizos.
- Unha representación proporcional dos demais sectores que integran a Xunta de Facultade en número de quince, distribuídos do seguinte xeito:
 - o Sete membros do profesorado con vinculación permanente á Universidade.
 - o Dous membros do resto do persoal docente e investigador e do persoal investigador en formación.
 - o Cinco estudantes de grao.
 - o Un estudante de máster ou doutoramento.

4.-Comisión de Normalización Lingüística

- O/a decano/a, que a presidirá.
- Unha representación proporcional dos distintos sectores que integran a Xunta de Facultade en número de dez, distribuídos do seguinte xeito:
 - o Cinco membros do profesorado con vinculación permanente á Universidade.

- Un membro do resto do persoal docente e investigador ou do persoal investigador en formación.
- Dous estudantes de grao.
- Un estudante de máster ou doutoramento.
- Un membro do persoal de administración e servizos.

5.-Comisión de Igualdade

- O/a decano/a, que a presidirá.
- Unha representación proporcional dos distintos sectores que integran a Xunta de Facultade en número de dez, distribuídos do seguinte xeito:
 - Cinco membros do profesorado con vinculación permanente á Universidade.
 - Un membro do resto do persoal docente e investigador ou do persoal investigador en formación.
 - Dous estudantes de grao.
 - Un estudante de máster ou doutoramento.
 - Un membro do persoal de administración e servizos.

6.-Comisión de Validacións e Recoñecementos

A comisión de Validacións e Recoñecementos da Facultade de Dereito está composta por:

- a) A Comisión de Validacións e Recoñecementos da Facultade de Dereito está composta por:
- b) O decano ou decana da Facultade, que a presidirá.
- c) Os directores e/ou directoras dos departamentos con sede na Facultade.
- d) O secretario ou secretaria da Facultade, que o será da Comisión.
- e) As persoas que teñan asignada a coordinación dos Títulos de Grao da Facultade.
- f) A persoa responsable da Unidade de Apoio a Xestión dos Centros e Departamentos da Facultade.
- g) Un estudante de grao, con voz, pero sen voto, elixido de entre a representación do estudantado de grao na Xunta de Facultade.

Departamentos implicados na docencia

- Ciencias Forenses, Anatomía Patolóxica, Xinecoloxía e Obstetricia, e Pediatría
- Ciencias da Comunicación
- Dereito Común
- Dereito Público Especial e da Empresa
- Dereito Público e Teoría do Estado
- Economía Aplicada
- Economía Financeira e Contabilidade
- Electrónica e Computación
- Análise Matemática, Estatística e Optimización
- Filoloxía Clásica, Francesa e Italiana
- Filoloxía Inglesa e Alemá
- Fundamentos da Análise Económica

- Historia
- Organización de Empresas e Comercialización
- Ciencia Política e Socioloxía
- Psicoloxía Social, Básica e Metodoloxía

1.4 Regulamentos e normas

Memorias das titulacións que se imparten na Facultade: Grao en Dereito, Grao en Criminoloxía, Máster en Avogacía, e Máster en Estudos internacionais.

Regulamento de réxime interno da Facultade de Dereito

Regulamento de revista Dereito. Revista xurídica da Universidade de Santiago Compostela

Regulamento dos traballos Fin de Grao da titulación de Grao en Dereito da Universidade de Santiago de Compostela

Regulamento dos traballos Fin de Grao da titulación do Grao en Criminoloxía da Universidade de Santiago de Compostela

Resolucións decanais sobre normas para o desenvolvemento das prácticas externas do Grao en Dereito,

Resolucións decanais para a asignación de grupo e para regular o procedemento para solicitar o cambio de grupo.

Resolucións decanais sobre concesións/denegacións de exención de docencia (segundo a proposta da Comisión de Docencia e Calidade).

Resolucións decanais sobre asignación de axudas á docencia/investigación desenroladas na Facultade.

2 Alcance do Sistema de Garantía de Calidade

O Sistema de Garantía de Calidade da *Facultade* alcanza a todas as titulacións oficiais impartidas nela e das que é responsable, tanto de grao como de mestrado universitario. Así mesmo, alcanza a todas as persoas (alumnado, persoal docente e de apoio) vinculadas a el.

En conxunto, o SGC da *Facultade* contempla o deseño da oferta formativa, a avaliación e revisión do seu desenvolvemento, así como a toma de decisións para a mellora continua. Así mesmo, recolle a planificación dos obxectivos a acadar, de acordo coa estratexia da universidade e da propia *facultade* e a revisión periódica do funcionamento do sistema, en orde a garantir a súa utilidade para todos os grupos de interese.

<http://www.usc.es/gl/centros/dereito/sgic.html>

Ciclo de mellora da formación universitaria




Figura 1. Adaptación propia a partir da "Guía para el diseño de SGIC de la formación universitaria. Programa AUDIT. ANECA"

3 Estrutura para o desenvolvemento do Sistema de Garantía de Calidade

3.1 Equipo de dirección (ED)

O equipo de dirección do centro, e en particular o seu decano/a como principal responsable, actúa como corresponde á dirección de calquera organización comprometida co desenvolvemento, establecemento, revisión e mellora dun sistema de xestión da calidade.

Respecto ao SGC, as funcións principais son as seguintes:

- Definir a planificación estratéxica do centro, concretada a través do plan estratéxico (PE) e a memoria de calidade do centro (MCC).
- Comprometerse coa política e obxectivos de calidade do centro, dándolles a difusión oportuna entre os grupos de interese.
- Liderar o desenvolvemento, a implantación, revisión e mellora do SGC do centro.
- Nomear ao responsable de calidade do centro, sempre que o/a decano/a non asuma as competencias.

- Propoñer á *xunta de centro* para a súa aprobación a composición da Comisión de calidade e docencia e, no seu caso, as das comisións de título no marco das normas que determinan a súa composición.
- Garantir o bo funcionamento do SGC do centro.
- Informar a todas as persoas do centro do SGC e dos cambios que nel se realicen.
- Garantir que todas as persoas do centro teña acceso aos documentos do SGC que lles sexan de aplicación.
- Informar á Xunta de Facultade dos traballos e acordos da Comisión de calidade e docencia.
- Presentar á Xunta de Facultade para a súa aprobación, a memoria de calidade do centro (MCC)

3.2 Comisión de Docencia e Calidade do Centro (CDeC)

A Comisión de Docencia e Calidade da facultade é un órgano que participa nas tarefas de planificación, desenvolvemento e seguimento do SGC do centro, actuando ademais como medio de difusión interna do sistema e dos seus logros.

A súa composición é a indicada no punto.1.3.1

Ademais, o/a decano/a do centro cando o considere oportuno pode propoñer outros membros á xunta de centro para o bo funcionamento do SGC, mesmo con voz e sen voto.

A CDC reunirse coa periodicidade marcada na súa planificación, cando menos unha vez en cada semestre, e levantará acta de cada unha das sesións, facendo públicas as decisións tomadas a través da publicación dos acordos adoptados.

As funcións principais da CCC son as seguintes:

- Realizar o deseño, a implantación, o seguimento e mellora do SGC no centro.
- Elaborar a memoria de calidade do centro (MCC)
- Fomentar a realización e o seguimento periódico do plan de melloras anual do centro.
- Estimular a participación de todos os colectivos implicados na avaliación e mellora da calidade das titulacións que se imparten no centro.
- Realizar o seguimento dos resultados do centro.
- Propoñer ao equipo de dirección a información que debe ser pública.
- Informar favorablemente, ou propoñer modificacións se é o caso, dos informes de resultados ou seguimento/acreditación elaborados polas comisións de título.

3.3 Responsable de calidade do centro (RCC)

O decano/a asume persoalmente as funcións relacionadas a continuación ou ben poderá nomear a un/a responsable de calidade do centro (RCC) entre os membros do equipo de dirección. Con independencia doutras funcións que se lle asignen no momento do seu nomeamento, as funcións básicas do/a RCC poden concretarse en:

- Coordinar o funcionamento da CCC.
- Trasladar á CCC e á/s comisión/s de título/s a información sobre resultados de aprendizaxe, inserción laboral, satisfacción dos grupos de interese, así como de calquera outra relacionada con resultados que poida afectar á calidade da formación.
- Realizar propostas á CCC para mellorar o SGC do Centro.
- Ser o/a interlocutor/a coa Área de Calidade e Mellora dos Procedementos.

- Atender as indicacións e requirimentos dados pola vicerreitoría con competencias en calidade para implantar os axustes e melloras do SGC nos centros aprobados pola Comisión delegada do Consello de Goberno con competencias en calidade e planificación.
- Dirixir a elaboración da memoria de calidade do centro.

3.4 Comisión/s de título/s

De acordo co Sistema marco de garantía de calidade, cando se considere necesario, para os graos, e en todo caso, para os másteres, o Centro creará unha Comisión de Título. Formarán parte dela, o Decano, a Responsable de Calidade do Centro (Vicedecana de Calidade e Infraestruturas), os Coordinadores do Títulos, así como outros membros se propoñan. No caso de mestrados interuniversitarios deberán estar representadas as universidades que comparten o título.

Na Facultade de Dereito, estas funcións de Comisión de Título foron asumidas, no caso dos Graos, pola Comisión de Docencia e Calidade (*vid supra* a súa composición), e no caso dos Másters, polas respectivas Comisións Académicas.

Na actualidade, existen tres Comisións Académicas de Máster, que se corresponden co Máster Universitario en Avogacía (rexidas por dous Convenios cos respectivos ICAs), e o Máster Universitario en Estudos Internacionais.

Entre as súas funcións cabe destacar as seguintes:

- Analizar a información proporcionada polo/a Coordinador/a do Título e RCC para levar a cabo o seguimento do Título.
- Realizar un informe dos resultados do título e as propostas de mellora (Informe de seguimento do Título) e, cando sexa necesario, facer proposta de modificación ou suspensión deste.

3.4.1 Comisión Académica do Máster Universitario en Avogacía

A Comisión Académica do Máster Universitario en Avogacía (sede de Santiago de Compostela), segundo o Convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela para a impartición do Máster en Avogacía, está composta por:

- O/a Decano/a do ICA (ou persoa na que delegue)
- O/a Decano/a de Facultade de Dereito (ou persoa na que delegue)
- O/a coordinador/a universitario da titulación
- O/a coordinador/a profesional da titulación
- Dous profesores universitarios nomeados pola Facultade de Dereito, que deberán formar parte do cadro de profesores que impartan o curso de formación do Máster.
- Dous avogados nomeados polo ICA de Santiago, dos integrantes do cadro de profesionais que impartirán a formación do Máster.

Pola súa parte, a Comisión Académica do Máster Universitario en Avogacía (sede de Lugo), segundo o Convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Ilustre Colexio de Avogados de Lugo , está composta por:

- O/a Decano/a do ICA (ou persoa na que delegue)
- O/a Decano/a de Facultade de Dereito (ou persoa na que delegue)
- O/a coordinador/a universitario da titulación
- O/a coordinador/a profesional da titulación
- Dous profesores universitarios nomeados pola Facultade de Dereito, que deberán formar parte do cadro de profesores que impartan o curso de formación do Máster na sede de Lugo.
- Dous avogados nomeados polo ICA de Lugo, dos integrantes do cadro de profesionais que impartirán a formación do Máster.

A estes se lles suma a RCC.

3.4.2 Comisión Académica do Máster Universitario en Estudos Internacionais

A Comisión Académica do Máster Universitario en Estudos Internacionais está composta por:

- O/a Decano/a da Facultade de Dereito
- O/a Coordinador do Máster (que preside por delegación do Decano)
- A persoa responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos do Centro
- 8 membros do PDI
- 2 estudantes do Máster

A estes se lles suma a RCC.

3.5 Coordinador/a de título (CT)

Os/As coordinadores/as de título serán os responsables do título de grao ou mestrado, e serán nomeados/as polo/a reitor/a da USC.

Ostentarán as funcións que estableza o regulamento de titulacións oficiais de grao e mestrado vixente, así como as seguintes funcións, entre outras, en relación co SGC:

- Velar para que os procesos relativos á titulación sexan realizados segundo as directrices establecidas polo SGC.
- Presentar á Comisión de docencia e calidade o informe de seguimento/acreditación ou de resultados de acordo co proceso *PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas*, informándoa das actuacións da comisión de título: seguimento do título, valoración da súa eficacia e proposta de accións de mellora.
- Recompilar, xunto co RCC, todos os datos necesarios para que a comisión de título poida realizar as diferentes análises de resultados do título, establecer accións de mellora ou propostas de modificación ou supresión do título.
- Velar pola implantación das melloras da titulación aprobadas que sexan da súa competencia e impulsar a implantación daquelas que correspondan a outras instancias.

Na Facultade de Dereito só existen coordinadores de título para os Másteres Universitarios Oficiais adscritos ao Centro e para o Grao en Criminoloxía, pero non para a titulación de Grao en Dereito, así como tampouco existe para o Dobre Grao en Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos.

3.6 Comité consultivo do grao en Dereito

O grao en dereito conta con un Comité consultivo para que axude a conseguir os seguintes obxectivos:

- Debater as tendencias e cambios sociais de interese para a actividade docente e investigadora do grao
- Canalizar á sociedade información sobre o centro e facer que teña máis proxección no seu contorno
- Proponer reformas e axustes do Plan de Estudos do grao que permitan adecuar, o máximo posible, o perfil do futuro graduado/a en Dereito ás demandas actuais dos empregadores públicos e privados, así como a súa mellora continua.

A participación dos seus membros terá carácter voluntario e non será remunerada, e as súas achegas non serán vinculantes.

No momento da súa creación, deberá determinarse a vinculación dos membros do comité que, a título orientativo, pode ser por un período de 4 anos, con posibilidade de renovación.

O Comité consultivo reunirse, como mínimo, unha vez ao ano e deixará constancia das súas reunións mediante actas.

3.7 Coordinador/a de Calidade

Será a persoa nomeada polo decano/a do centro entre o PDI que non sexa membro do equipo de dirección para a realización de funcións de apoio ao Responsable de Calidade do Centro.

4 Mapa de procesos

O SGC concrétese en 12 procesos institucionais a través dos que a universidade asegura a calidade da súa oferta académica, a dispoñibilidade dos recursos humanos e materiais necesarios e o enfoque á mellora continua.

A nivel de centro (*facultade/escola*) concrétese en 13 procesos, cuxo desenvolvemento figura no manual de procesos do sistema.

Nivel institucional

PI-01 Planificación Institucional da Mellora da Calidade

PI-02 Obtención e mantemento da acreditación institucional de centros

PI-03 Establecemento e actualización da oferta académica

PI-04 Xestión dos recursos humanos

PI-05 Xestión dos recursos materiais e servizos

PI-06 Organización e procedementos administrativos

PI-05 Xestión documental

PI-07 Medición e mellora dos programas de estudo e dos centros

PI-08 Análise das expectativas e a satisfacción dos grupos de interese

PI-09 Xestión de incidencias (SQR)

PI-10 Auditoría Interna

PI-11 Revisión pola dirección do sistema de garantía de calidade

PI-12 Xestión documental

Nivel de centro

-Procesos estratégicos

--Planificación

PE-01 Planificación estratéxica

PE-02 Revisión e mellora

-Procesos clave

--Organización e desenvolvemento dos programas

PC-01 Análise do perfil de ingreso e captación

PC-02 Planificación das ensinanzas

PC-03 Apoio a estudantes

PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas

PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas

-Procesos de soporte

--Xestión dos recursos

PS-01 Xestión dos recursos humanos

PS-02 Xestión dos recursos materiais e servizos

--Xestión de apoio ao sistema

PS-03 Xestión documental

PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades


PS-05 Xestión das incidencias (SQR)

Información pública e transparencia

PS-06 Información pública

O seguinte gráfico recolle o mapa de procesos integrados no SGC e as súas relacións:

MAPA DE PROCESOS



5 Indicadores e informes

A Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) será a responsable de proporcionar os indicadores e informes establecidos no proceso institucional *PI-07 Medición e mellora dos programas de estudo e dos centros*.

Desde a ACMP definiranse anualmente os indicadores e informes a empregar. A lista de indicadores e informes será remitida aos centros e estará dispoñible na páxina web.

O centro pode engadir indicadores propios neste apartado. Neste caso deberá consignar a relación deles e responsabilizarse da obtención dos datos e do seu tratamento.

6 Relación entre os procesos do sistema e as directrices Fides-Audit

A continuación recóllese a relacións entre os procesos establecidos no sistema e as directrices Fides-Audit sobre deseño de sistemas de garantía de calidade:

Procesos do sistema	Directrices Fides-Audit						
	Política e obxectivos de calidade	Deseño revisión periódica e mellora dos programas formativos	Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante	Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos	Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos	Información pública	
Procesos institucionais	PI-01 Planificación Institucional da mellora da calidade	X					X
	PI-02 Acreditación institucional dos centros	X	X				X
	PI-03 Oferta académica		X	X	X	X	X
	PI-04 Xestión dos recursos humanos				X		X
	PI-05 Xestión dos recursos materiais					X	X
	PI-06 Organización administrativa			X	X	X	
	PI-07 Medición e mellora de programas e centros	X	X	X	X	X	X
	PI-08 Análise de expectativas e satisfacción	X	X	X	X	X	X
	PI-09 Xestión de incidencias (SQR)		X	X	X	X	X
	PI-10 Auditoría interna	X	X	X	X	X	X
	PI-11 Revisión pola dirección do SGC	X		X			
	PI-12 Xestión documental						X
Procesos de centro	PE-01 Planificación estratéxica	X	X	X	X	X	X
	PE-02 Revisión e mellora	X	X	X	X	X	X
	PC-01 Análise do perfil de ingreso e captación		X	X			X
	PC-02 Planificación das ensinanzas		X	X	X	X	X
	PC-03 Apoio a estudantes		X	X			X
	PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas		X	X	X	X	X
	PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas		X	X	X	X	X
	PS-01 Xestión dos recursos humanos				X		X
	PS-02 Xestión dos recursos materiais e servizos					X	X
	PS-03 Xestión documental						X
	PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades	X	X	X	X	X	X
	PS-05 Xestión das incidencias (SQR)		X	X	X	X	X
PS-06 Información pública	X	X	X	X	X	X	

POLÍTICA DE CALIDADE DA FACULTADE DE DEREITO

Na Universidade de Santiago de Compostela, a Facultade de Dereito retrotrae as súas orixes ao ano 1649 e dende entón vense ocupando da formación xurídica universitaria en Galicia de xeito exclusivo ata os anos noventa do século pasado, cando se implantaron as demais Facultades de corte xurídico no Sistema Universitario de Galicia. De longa tradición, o froito é un longuísimos número de personaxes de relevancia histórica, política, social, cultural e científica que recibiron a súa formación nas aulas da Facultade e que avalan a calidade do ensino impartido na mesma.

O título de graduado en Dereito comezo a impartirse no curso académico 2010/2011, constituíndo a necesaria adaptación ao Espazo Europeo da Educación Superior. Ademais deste Grao, impártense na Facultade dende o curso 2015-2016 o dobre itinerario en Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos e, dende o curso 2018-2019, o Grao en Criminoloxía que asegura ós seus graduados a capacidade de realizar un estudo multidisciplinar do fenómeno criminal, realizando unha análise global e efectiva do delito, dando unha visión complexa e completa das súas causas e os seus efectos. Deste xeito poderá traballar pola prevención do fenómeno criminal, articulando tratamentos efectivos fronte ao delito e atendendo ás vítimas dunha forma satisfactoria.

Polo que respecta ós títulos oficiais de Máster Universitario, impártense na Facultade o de Avogacía (no Campus de Santiago e no de Lugo, dende o curso 2012-2013), o de Estudos Internacionais (dende o curso 2009-2010) e o Máster Universitario en Fiscalidade Internacional e Comunitaria (que se imparte dende o curso 2009-2010, e en modalidade virtual dende o 2016-2017).

O Sistema de Garantía de Calidade (SGC) busca propiciar a mellora continua da Facultade de Dereito, permitiéndolle acadar niveis de calidade que faciliten a acreditación e renovación dos títulos que se imparten nela e abrindo o camiño cara a acreditación institucional.

A política de calidade da Facultade de Dereito está en liña cos obxectivos estratéxicos establecidos no Plan Estratéxico que, (trala renovación do mesmo aprobada pola Comisión de Docencia e Calidade e Xunta da Facultade de Dereito o 26/1/2021 e pola Comisión de Calidade e Planificación Delegada do Consello de Goberno o 3/3/2021) e en vigor ata 2022, tamén establece a misión, visión e valores do centro, que se incorporaron tamén como anexo ó Manual de sistema de Garantía de Calidade cuxa 6ª edición foi aprobada con data 6 de outubro de 2021 pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno da USC.

É vontade da Facultade que sempre que se aprobe un novo plan estratéxico se revise a política de calidade, para incluír os obxectivos, misión e valores establecidos no novo Plan.

A Facultade de Dereito, no horizonte 2022, e como institución pública incardinada na USC, ten como **misión** contribuír á formación integral e rigorosa dos futuros xuristas e criminólogos, nunha contorna estimulante e de excelencia académica. Somos un centro comprometido coa educación baseada nos principios democráticos e co desenvolvemento da sociedade do século XXI.

O persoal docente e investigador desta facultade conforma grupos de investigación de referencia no eido xurídico e criminólogo, promovendo o desenvolvemento dos saberes xurídicos e criminólogos, potenciando actividades de investigación, de difusión e de relacións coas Administracións públicas, empresas, institucións e centros de investigación. A eles súmanse o persoal de administración e servizos e o alumnado do centro.

A Facultade de Dereito comprométese a realizar unha xestión exemplar dos recursos, cun modelo de xestión do centro áxil, eficaz, transparente e coa participación responsable e a implicación de tódolos membros da mesma.

No relativo á **visión** do centro, a Facultade de Dereito busca potenciar o seu recoñecemento como un centro de referencia e de prestixio en docencia e investigación, tanto a nivel nacional como internacional, sen perder nunca de vista o seu compromiso coa sociedade, en especial a galega. Neste senso, o noso carácter de servizo público debe convivir cun modelo

universitario personalizado, transparente, sostible, eficaz e adaptable, capaz de atender de xeito efectivo ás necesidades dos distintos grupos de interese.

Polo que respecta ós **valores** que deben guiar á Facultade de Dereito, máis aló da produción e transmisión do coñecemento xurídico e criminólogo, a Facultade de Dereito promove a educación baseada nos seguintes valores:

- Liberdades de pensamento, expresión e de cátedra, así como o espírito crítico.
- Integridade, conduta ética e transparencia.
- Mérito e capacidade como criterios para o acceso a postos de carácter público e imparcialidade dos servidores públicos no exercicio das súas funcións.
- Xestión baseada no diálogo, a participación de tódolos grupos de interese e a responsabilidade compartida.
- Loita contra as discriminacións por razón de xénero, clase social, orixe étnica ou racial, de orientación sexual ou de diversidade funcional. Asemade, apóstase polo desenvolvemento sostible e pola transparencia, tanto no seu funcionamento cotiá como dos distintos órganos que pertencen á Facultade.
- Procura da excelencia científica e o rigor académico.

As liñas estratéxicas definidas na Facultade de Dereito correspóndense con 5 grandes áreas: 1. Calidade da docencia; 2. Calidade da investigación; 3. Sistema de Garantía interno de Calidade do Centro (SGIC); 4. Relacións cos grupos de interese externos; 5. Xestión. Cada unha destas liñas concrétnase en obxectivos estratéxicos, á vez que estes quedan definidos polas correspondentes accións estratéxicas:

Liña estratéxica 1: Calidade da docencia. Os obxectivos estratéxicos desta liña son:

1. Incrementar a oferta docente de Posgrao no centro
2. Mellorar as infraestruturas docentes do centro
3. Mellorar o rendemento dos estudantes
4. Mellorar a interlocución co alumnado.
5. Mellorar a formación docente dos profesores
6. Mellorar a información dispoñible sobre a inserción laboral dos egresados das titulacións ofertadas no centro
7. Transcorridos 10 anos dende a implantación do Grao en Dereito convén abrir unha reflexión sobre a necesidade de actualizar os contidos das guías docentes dalgunhas materias; profundizar na necesaria coordinación de contidos para evitar duplicidades e reflexionar sobre se é necesario engadir algunhas materias.
8. Aumentar a oferta de prácticas no Grao en Dereito e implementar a oferta de prácticas no Grao en Criminoloxía.
9. Fomentar a dimensión integral na formación do alumnado
10. Incrementar a oferta de programas de mobilidade, especialmente no Grao en Criminoloxía.

Liña estratéxica 2: Calidade da investigación. Con dous obxectivos estratéxicos:

1. Visibilizar as actividades investigadoras do PDI na Web do Centro.
2. Avanzar no proceso de internacionalización da investigación realizada polo noso PDI

Liña estratéxica 3. Sistema de Garantía interno de calidade do centro, que inclúe o obxectivo estratéxico Fomentar a cultura de calidade do centro e con estas 4 accións estratéxicas:

- A. Incrementar a participación nas enquisas de satisfacción dos diferentes grupos de interese
- B. Divulgar o SGIC
- C. Certificar o SGIC
- D. Acadar a acreditación institucional

Liña estratéxica 4. Relación cos grupos de interese, con dous obxectivos estratéxicos:

1. Coñecer as demandas da sociedade no que se refire á formación no eido xurídico

2. Potenciar a oferta de cursos, seminarios e congresos con temáticas atractivas para a sociedade.

Liña estratéxica 5. Xestión, con dous obxectivos estratéxicos:

1. Reducir a carga de traballo administrativo do PDI (Buscar fórmulas no marco da USC que conleven a redución da carga administrativa que recae sobre o PDI)

2. Fortalecer a Unidade de Xestión de Centros e Departamentos (A. Mellorar e redimensionar os espazos administrativos do Centro B. Adaptar a estrutura organizativa de xestión e de servizos á realidade do Centro C. Fortalecer a coordinación entre o PAS para a realización das actividades do Centro.

Compromiso de calidade:

A Facultade de Dereito é consciente da importancia que ten a calidade no contexto universitario para garantir programas formativos que dean resposta ás demandas de excelencia no contexto universitario.

Tomando como referencia a política de calidade da USC (enmarcada dentro do despregamento do seu plan estratéxico) a Facultade elabora a súa política marcando como principal obxectivo o desenvolvemento de programas formativos que estean avalados por unha xestión de calidade como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese.

A Facultade quere ser recoñecida no contexto universitario e social por desenvolver programas formativos que garantan a mellor e máis adecuada formación para o seu estudiantado, que dean resposta ás demandas do mercado laboral, que garantan as condicións de desenvolvemento profesional axeitadas ao seu persoal docente, investigador e de servizos e que renda contas do investimento e optimización dos seus recursos. A Facultade dirixe os seus esforzos cara á plena consecución da satisfacción das necesidades e expectativas de todos os seus grupos de interese, e co fin de satisfacelos, comprométese a empregar todos os recursos económicos e humanos á súa disposición; sempre dentro do estricto cumprimento das normas aplicables, tanto a nivel autonómico, como estatal e europeo. Por todo iso, a Facultade de Dereito adquire o firme compromiso de garantir a calidade nesta e establece a súa política baixo estes principios:

- Responsabilidade: proporcionar unha formación dirixida cara á excelencia garantindo unha oferta académica acorde coas necesidades e expectativas dos nosos usuarios e da sociedade en xeral.
- Integración participación e igualdade: esta Facultade establece como un dos principios claves da súa política que todas as necesidades dos seus grupos de interese sexan atendidas na medida dos recursos económicos existentes, e que todos participen no desenvolvemento da Facultade a través das vías establecidas para iso garantindo a accesibilidade, a participación e a igualdade.
- Orientación ao alumnado: este Centro garante no seu programa formativo a orientación ao alumno entendendo que é o principal protagonista deste.
- Excelencia: o traballo desta Facultade realízase tendo como meta alcanzar a excelencia docente, investigadora e de xestión, que marcan os principais modelos de calidade universitaria.
- Transparencia: Esta Facultade basea a xestión do seu programa formativo na transparencia nos seus resultados e na difusión destes aos seus grupos de interese.

A dirección desta Facultade adquire o compromiso permanente coa mellora continua do seu programa formativo, para o cal a Decana subscribe este documento de política de calidade o día 26 de novembro de 2021.

Asdo. A decana da Facultade, Ana Gude Fernández. **Página 19 de 19**

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANA MARIA GUDE FERNANDEZ, DECANO A DA FACULTADE DE DEREITO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 23/11/2022 14:20:36.

CSV: 55AD-CDC3-4EF9-A142